



# Matrícula ESO | Bacharelato

## Curso 2022/2023

Neste documento facemos un avance das opcións de matrícula que o centro vai ofrecer o curso 2022/23 para ESO e Bacharelato.

Cómpre ter en conta que no 2022/23 van coexistir dúas leis educativas:

- **LOMLOE**: implántase en 1º ESO, 3º ESO e 1º Bacharelato.
- **LOMCE**: mantense en 2º ESO, 4º ESO e 2º Bacharelato.

Silleda, xuño de 2022.





## 1º de ESO

No curso escolar 2022/23 implántase a [Lei orgánica 3/2020](#) (LOMLOE) en 1º de ESO, ao igual que en 3º de ESO e en 1º de Bacharelato.

O alumnado de 1º de ESO cursará 9 materias comúns, elixirá a segunda lingua estranxeira (pode escoller *Francés* ou *Portugués*) e deberá optar entre *Relixión Católica* ou o *Proxecto Competencial*.

## 2º de ESO

O alumnado de 2º de ESO cursará 9 materias comúns. No impreso de matrícula deberá elixir:

- Segunda lingua estranxeira (pode escoller *Francés* ou *Portugués*).
- Materia de libre configuración (*Comunicación Oral II* ou *Programación*).
- *Relixión Católica* ou *Valores Éticos*.

## 3º de ESO

O plan de estudos deste curso constará no 2022/23 das seguintes materias:

- 11 materias comúns.
- 1 materia optativa, a elixir entre *Cultura Clásica*, *Educación Dixital*, *Segunda Lingua Estranxeira* ou *Oratoria*. No impreso de matrícula deberán numerarse todas por orde de preferencia, dado que só se poderán impartir as materias que contén cun número suficiente de solicitudes.
- *Relixión Católica* ou *Proxecto Competencial*.

## 4º de ESO

É un curso con moita optatividade. Os pais, as nais, os/as titores/as legais ou, de ser o caso, os alumnos e as alumnas poderán escoller cursar o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria por unha das dúas seguintes opcións:

- Opción de **ensinanzas académicas** para a iniciación ao bacharelato.
- Opción de **ensinanzas aplicadas** para a iniciación á formación profesional.

Para estes efectos, non serán vinculantes as opcións cursadas en terceiro curso de educación secundaria obrigatoria.

O alumnado que escolla a opción de **ensinanzas académicas** estudará as *Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas*. Deberá cursar tamén dúas materias troncais, que elixirá entre estas catro: *Bioloxía e Xeoloxía*, *Física e Química*, *Economía* e *Latín*. Neste caso, ao igual que en todos os que implican una multiplicidade de opcións, o alumnado deberá numerar as materias segundo a súa preferencia. O centro intentará axustarse ás preferencias expresadas no impreso, sempre que iso sexa viable. É importante ter en conta que se precisa un mínimo de alumnado para formar grupos e que, en calquera caso, todas as decisións



organizativas se deben adoptar en función dos recursos humanos e materiais cos que conte o centro.

O alumnado que escolla a opción de **ensinanzas aplicadas** cursará as *Matemáticas aplicadas* e dúas materias troncais; neste caso, deberá elixilas entre as seguintes: *Tecnoloxía, Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, e Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional.*

Todo o alumnado de 4º da ESO completará o seu horario semanal con dúas materias denominadas específicas. Ao tratarse tamén dunha elección moi aberta, deberán numerarse todas as materias por orde de preferencia.

## 1º de Bacharelato

Dispoñemos dun impreso de matrícula para cada modalidade/itinerario que ofrecemos: *Ciencia e Tecnoloxía, Ciencias Sociais e Humanidades.*

Unha vez decidida a modalidade, o alumnado terá que tomar as seguintes decisións:

- **Materias de opción de modalidade:** cursaranse dúas, pero no impreso de matrícula hai que numeralas todas por orde de preferencia. Ao igual que no resto dos cursos, o centro intentará axustarse ás preferencias expresadas no impreso, sempre que iso sexa viable. É importante ter en conta que se precisa un mínimo de alumnado para formar grupos.
- **Materia optativa:** cursarase unha, que terá unha carga lectiva de 4 horas semanais. A listaxe de materias posibles é a seguinte: *Anatomía Aplicada, Antropoloxía, Debuxo Artístico I, Linguaxe e Práctica Musical, Literatura Galega desde o Século XX á Actualidade, 2ª Lingua estranxeira (Francés ou Portugués) e TIC.*

O alumnado deberá numerar todas estas materias no impreso de matrícula. Só se poderán impartir as que contén cun mínimo de solicitudes.

## 2º de Bacharelato

Os modelos de impreso son os mesmos de anos anteriores. Insistimos na importancia de que o alumnado siga as indicacións do documento á hora de numerar as preferencias, posto que, ao ser un curso con gran optatividade, só se poden impartir aquelas materias que contén co suficiente número de solicitudes.